

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DONA ANA RAMOS RAMOS, SECRETARIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME,
PROVINCIA DA CORUÑA

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 30.05.2024,
adoptou entre outros, o ACORDO seguinte, que se transcribe no seu literal:

«3. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASOCIACIÓN EUROEUME

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e
Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 27.05.2024, que se transcribe a continuación:

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE MAIO DE 2024

EXPDTE: 2024/G012/000010

4.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASOCIACIÓN EUROEUME

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASOCIACIÓN EUROEUME

EXPDTE 2023/X999/000121 - 2024/G006/000117

Tendo en conta o acordo do Pleno do Concello de Ponte deume, de data 27 de xullo de 2000, de
“III. INCORPORACIÓN Á ASOCIACIÓN EUROEUME E COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN
NO PROGRAMA LEADER PLUS”, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“1º Solicitar da Presidencia de Euroeume a aceptación deste Concello como socio de pleno
dereito da mesma, asumindo a obriga de acatar os seus fins estatutarios e pagar as cotas
anuais de socio correspondente.

...//...”

Logo de ver o acordo do Pleno do Concello, na sesión de organización celebrada o día
mércores 28 de xuño de 2023 relativo a “3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA
CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO”, no que non foi
incluído representante para a Asociación Euroeume.

De conformidade co disposto no artigo 38.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro,
polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das
entidades locais, esta Alcaldía Presidencia, en relación co nomeamento de representantes da



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Corporación en órganos colexiados competencia do Pleno, propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Nomear representante do Concello na Asociación Euroeume ao Sr. alcalde e como suplente a dona. Ángela Piñeiro Carrera.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Anuncios municipal.

TERCEIRO.- Dar traslado do contido do presente acordo á Asociación Euroeume.”

A presidencia abre a quenda para o debate

...//....

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeGPSOE(5): , D. José Simoes Couceiro, D^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D. Alejandra Bellón Tenreiro e D. Joshua Dopico López; e **DÚAS ABSTENCIÓNS**, e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera e do concelleiro do Grupo Municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 8 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D^a Ángela Piñeiro Carrera e D^a. Manuela García Fachal; e **4 ABSTENCIÓNS**, dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Aaron Curbeira Martínez, e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Nomear representante do Concello na Asociación Euroeume ao Sr. alcalde e como suplente a dona. Ángela Piñeiro Carrera.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Anuncios municipal.

TERCEIRO.- Dar traslado do contido do presente acordo á Asociación Euroeume.»

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, dona Ana Ramos Ramos, Secretaria do Concello de Ponte deume, e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en funcións don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 284/2024 de 29 de maio*) que se asina dixitalmente en Ponte deume, o día sinalado na marxe por ambos, rubricada pola persoa funcionaria tramitadora.

